



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Tutoría, mentoría e coaching	Código	652511216	
Titulación	Mestrado Universitario en Psicopedagogía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Ríos de Deus, María Paula	Correo electrónico	paula.rios.dedeus@udc.es	
Profesorado	Ríos de Deus, María Paula	Correo electrónico	paula.rios.dedeus@udc.es	
Web	<a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=asignatura&amp;codigo=652511216&amp;grupo=">www.educacion.udc.es/index.php?pagina=asignatura&amp;codigo=652511216&amp;grupo=</a>			
Descrición xeral	<p>A través desta materia poderanse ampliar coñecementos e incorporar ferramentas para mellorar habilidades e recursos en tutoría, mentoría e coaching:</p> <p>A nivel educativo, a función titorial forma parte da tarefa dos/das docentes. Polo xeral, a tutoría abarca todas as experiencias que permiten acadar unha educación integral, fomentando actitudes e valores positivos no alumnado. Algúns dos seus obxectivos son a solución dos problemas escolares e a mellora da convivencia social. Así mesmo a tutoría é tamén moi útil para conseguir que os/las estudantes plantexen problemas que poden ter en determinadas materias, non xa só polas súas cuestións persoais en materia de aprendizaxe senón tamén polo tipo de clase que imparte un/unha profesor/a en cuestión.</p> <p>O mentoring é un proceso de desenvolvemento que facilita a transición das persoas nas organizacións grazas ao acompañamento de alguén que ten máis experiencia. Este materia posibilita o deseño e a implantación de programas de mentoring en calquera tipo de organización e está dirixida ás persoas que vaian exercer o rol de coordinadoras de plans de mentoring, a profesionais de Recursos Humanos que teñan que tomar a decisión de implementarlo nas súas organizacións e a aqueles/as que vaian asumir o papel de supervisores de mentores.</p> <p>Trataranse os conceptos básicos do coaching, a metodoloxía que se debe empregar nun proceso de coaching e ferramentas e recursos necesarios para entrenar as competencias máis recurrentes, indicadas para aquelas persoas que desexen ou teñan a necesidade de entrenar e desenvolver a outras. O coaching persoal e profesional está tendo moita demanda nos últimos anos.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Planificar programas, proxectos e servizos de intervención para a mellora dos membros da comunidade educativa, aplicables a diferentes contextos e grupo destinatario.
A8	Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais.
A14	Coñecer as necesidades formativas básicas nos diferentes contextos escolares e sociolaborais, poñendo especial atención naquelas competencias que favorezan o traballo en contornos multiculturais
B1	Capacidade de creatividade e innovación
B2	Aprender a aprender
B7	Traballar de forma colaborativa
B8	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B13	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.



C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
- Saber definir os conceptos de tutoría, mentoría e coaching.		BM2 BM13	
- Relacionar a actual praxis da tutoría coas novas tendencias de acción tutorial.		BM2 BM13	
- Coñecer as competencias a desenvolver no novo perfil profesional.		BM2 BM8 BM13	
- Saber planificar unha acción de tutoría en diferentes contextos: escolar, socio-laboral.	AP1 AP8 AP14	BM1 BM7	CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
Novos escenarios e perspectivas da acción orientadora.	Escenarios. Perspectivas.
Concepto de tutoría, mentoría e coaching.	Tutoría. Mentoría. Coaching.
Funcións e competencias orientadoras e titoriais no marco educativo e socio-laboral.	Funcións e competencias orientadoras e titoriais no marco educativo. Funcións e competencias orientadoras e titoriais no marco socio-laboral.
O perfil do novo profesional. Competencias a desenvolver.	Perfís. Competencias.
O desenvolvemento das competencias socio-emocionais como estratexia de cambio.	Competencias socio-emocionais.
Análise de programas e planificación de propostas de actuación.	Análise de programas. Planificación de propostas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	B2 B7 B8 B13	8	0	8
Sesión maxistral	A14 C5	13.5	0	13.5
Presentación oral	B1 B2 B13	4	0	4
Traballos tutelados	A1 A8 B7 B13	0	81	81
Actividades iniciais	B2 B13	4	0	4
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Deberán realizarse dúas titorías personalizadas ao longo do cuadrimestre co obxectivo de revisar o desenvolvemento dos traballos tutelados do/a alumno/a.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	B2 B7 B8 B13	Traballo en grupo	20
Presentación oral	B1 B2 B13	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.	20
Traballos tutelados	A1 A8 B7 B13	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.	60

### Observacións avaliación

Como consideración xeral, terase especialmente en conta as deficiencias e faltas ortográficas, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, etc. Todo elo suporá redución de puntos sobre a nota obtida.
---

### Fontes de información



## Bibliografía básica

- Álvarez, R.J. (2014). Acción tutorial y orientación: aceptación, compromiso, valores: una propuesta de estilo para la intervención de tutores y orientadores. Bilbao: Desclée de Brouwer
- Bayón Mariné, F. y Ferrucci, C. (2012). 50 historias de coaching: mitos, fábulas, metáforas y relatos. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces,
- Bilbao Herrán, M. (2010). Recursos para tutoría. Barcelona: Horsori
- Bisquerra Alzina, R. (2012). Orientación, tutoría y educación emocional. Madrid: Síntesis
- Bou Pérez, J.F. (2013). Coaching educativo. Madrid: LID
- Cajina, G. (2010). Coaching para emprender : cambia tu rumbo, despide a tu jefe. Madrid: Díaz de Santos
- Castillo Arredondo, S. (2009). Tutoría en la enseñanza : la universidad y la empresa: formación y práctica. Madrid: UNED: Pearson
- Cubeiro, J.C. (2011). Por qué necesitas un coach : verdades y mentiras del mundo del coaching. Barcelona: Alienta
- Cutillas Sánchez, V., Morató Ascó, J. y Rizo Soler, M. (2010). Tutoría: escenario para la convivencia: sesiones para tutoría en educación secundaria. Málaga: Aljibe
- Equipo Alejandría del Club de Coaching Fundesem (2012). Coaching en acción: la caja de herramientas del coach. Madrid: Wolters Kluwer España
- Fiol, A. y Obiols, M. (2013). Coaching para todos : herramientas para el cambio personal y profesional. Barcelona: Plataforma
- Galán, F.J. (2011). Coaching inteligente: método A.C.C.I.O.N. Madrid: ESIC
- Giner, A. y Puigardeu, O. (2008). La tutoría y el tutor : estrategias para su práctica. Barcelona: Horsori
- Lara Ramos, A. (2008). La función tutorial: un reto en la educación de hoy. Granada: Grupo Editorial Universitario,
- Launer, V. (2011). Coaching: un camino hacia nuestros éxitos. Madrid: Pirámide
- López Pérez, C. y Valls Ballesteros, C. (2013). Coaching educativo: las emociones, al servicio del aprendizaje. Madrid: SM
- Mañú Noain, J.M. (2007 (2.ª ed.)). Manual de tutorías. Madrid: Narcea
- Martín, X. (2008 (2.ª ed.)). Tutoría: técnicas, recursos y actividades. Madrid: Alianza
- Monge Crespo, M.C. (2010 (2.ª ed.)). Tutoría y orientación educativa : nuevas competencias. Las Rozas: Wolters Kluwer Educación
- Neenan, M. y Dryden, W. (2011). Coaching para vivir : aprende a organizarte y a ser más asertivo. Barcelona: Paidós
- Pantoja Vallejo, A. (2013). La acción tutorial en la escuela. Madrid: Síntesis
- Sebastián Franco, G. (2011). ¿Qué es y qué no es un coach?. Madrid: Pirámide
- Soler Inglés, M.R. (2003). Mentoring estrategia de desarrollo de recursos humanos. Barcelona: Gestión 2000
- Valderrama, B. (2009). Desarrollo de competencias de mentoring y coaching. Madrid: FT Prentice Hall
- Villa Casal, J.P. y Caperán Vega, J.A. (2010). Manual de coaching : (guía práctica) : coaching ejecutivo, cómo se hace, herramientas de evaluación y desarrollo, ejercicios prácticos. Barcelona: Profit
- Whitmore, J. (2011). Coaching : el método para mejorar el rendimiento de las personas : los principios y la práctica del coaching y del liderazgo. Madrid: Paidós
- (2005). Coaching y mentoring como desarrollar el talento de alto nivel y conseguir mejores resultados. Bilbao: Deusto



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Almacellas Bernadó, M.A. (2009). El camino hacia la madurez personal : Plan de acción tutorial para la educación secundaria obligatoria y bachillerato. Bilbao: Desclée de Brouwer,</li><li>- Alonso García, M.A., Calles Doñate, A.M. y Sánchez Ávila, C. (2012). Diseño y desarrollo de programas de mentoring en organizaciones . Madrid: Síntesis</li><li>- Angulo Vargas, A. (2009 (2.ª ed.)). La tutoría en la educación primaria : manual de ayuda. Navarra: Wolters Kluwer España</li><li>- García Labiano, J.M. (2011 (2.ª ed.)). Programa de acción tutorial para la Educación Secundaria Obligatoria. Las Rozas: Wolters Kluwer Educación</li><li>- Martín Jorge, M.L. (2009). Plan de orientación y acción tutorial para la enseñanza secundaria . Málaga: SPICUM</li><li>- Wisker, G. (2012). Trabajando individualmente con cada estudiante: tutoría personalizada, coaching, mentoría y supervisión en educación superior. Madrid: Narcea</li></ul>
------------------------------------	--

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías